

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0642	Perfumaría e cosmética natural	2023/2024	0	105	0
MP0642_22	Cosmética natural	2023/2024	0	75	0
MP0642_12	Perfumaría	2023/2024	0	30	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CARMEN REGINA NÚÑEZ GONZÁLEZ
Outro profesorado	

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0642_12) RA1 - Caracteriza os produtos de perfumaría, para o que analiza a súa estrutura, e asesora sobre a súa elección
(MP0642_22) RA1 - Recoñece os cosméticos naturais e produtos complementarios, e indica a súa aplicación nos tratamentos estéticos básicos
(MP0642_12) RA2 - Identifica os produtos de aromaterapia, para o que analiza as súas propiedades cosméticas
(MP0642_22) RA3 - Distingue os tipos de establecementos de cosmética natural, vinculándoos coa posibilidade de xeración de emprego

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0642_22) CA1.1 Definíronse as características dos cosméticos naturais
(MP0642_12) CA1.1 Estableceuse a secuencia do uso do perfume ao longo da historia
(MP0642_22) CA1.2 Indicouse a evolución dos produtos naturais ao longo do tempo
(MP0642_12) CA1.2 Definiuse o perfume, analizouse a súa composición e clasificáronse os tipos de materias primas que o constitúen
(MP0642_22) CA1.3 Detalláronse os procesos de obtención de extractos vexetais
(MP0642_12) CA1.3 Identificáronse as notas de fondo, corpo e saída na estrutura do perfume
(MP0642_22) CA1.4 Clasificáronse os extractos vexetais en función do disolvente empregado na súa extracción
(MP0642_12) CA1.4 Diferenciáronse os métodos de extracción das materias primas naturais

Crterios de avaliación do currículo
(MP0642_22) CA1.5 Analizáronse os efectos e as indicacións dos extractos vexetais utilizados na elaboración de produtos cosméticos
(MP0642_12) CA1.5 Diferenciáronse as fragancias en función das sensacións olfactivas de acordo coas clasificacións perfumistas
(MP0642_22) CA1.6 Especificáronse os produtos derivados do mar, os seus efectos e as súas indicacións
(MP0642_12) CA1.6 Explicáronse os factores que inflúen no desenvolvemento individual do aroma do perfume
(MP0642_22) CA1.7 Definíronse os tipos de arxilas e minerais relacionados coa cosmética
(MP0642_12) CA1.7 Esquematzáronse os tipos de perfume segundo o seu contido en esencias e solución alcohólica
(MP0642_22) CA1.8 Describíronse as indicacións dos nutricosméticos como complemento dos tratamentos de estética e beleza
(MP0642_12) CA1.8 Enumeráronse as normas de conservación dos perfumes e as precaucións na súa aplicación
(MP0642_22) CA1.9 Esquematzáronse as contraindicacións dos cosméticos naturais e dos produtos complementarios
(MP0642_12) CA1.9 Describíronse os factores que inflúen na elección dun perfume
(MP0642_22) CA1.10 Identificouse o xeito de conservar e almacenar os produtos naturais
(MP0642_12) CA1.10 Relacionouse o perfume coa moda e co seu uso por profesionais da imaxe persoal
(MP0642_12) CA2.1 Determináronse os conceptos de aromaterapia e de aceite esencial
(MP0642_12) CA2.2 Identificáronse os aceites esenciais
(MP0642_12) CA2.3 Relacionáronse as moléculas aromáticas cos seus efectos no sistema nervioso
(MP0642_12) CA2.4 Describíronse os efectos xerais dos aceites esenciais
(MP0642_12) CA2.5 Identificáronse os xeitos de aplicación dos aceites esenciais
(MP0642_12) CA2.6 Enumeráronse os aceites portadores cos que se poden mesturar os aceites esenciais para poderen ser aplicados sobre a pel

Criterios de avaliación do currículo
(MP0642_12) CA2.7 Especificouse como se deben conservar os aceites esenciais
(MP0642_12) CA2.8 Esquematzáronse as precaucións e as contraindicacións derivadas do seu uso
(MP0642_12) CA2.9 Especificouse a importancia da calidade dos aceites esenciais para o seu uso en estética
(MP0642_12) CA2.10 Individualizáronse os tratamentos de estética e beleza co uso de aceites esenciais
(MP0642_22) CA3.1 Diferenciáronse os tipos de establecementos de venda de cosmética natural
(MP0642_22) CA3.2 Definíronse os establecementos de perfumaría e drogaría
(MP0642_22) CA3.3 Descríronse as características das herboristarias e a súa relación coa estética
(MP0642_22) CA3.4 Identifícanse as seccións de venda de cosmética natural de grandes superficies
(MP0642_22) CA3.5 Determinouse a especialización dos establecementos de venda de esenciais e creacións artísticas
(MP0642_22) CA3.6 Indícase o punto de venda personalizado que se realiza dentro da cabina de estética
(MP0642_22) CA3.7 Relacionouse a decoración e o perfume ambiental do establecemento coa imaxe de profesionalidade da empresa
(MP0642_22) CA3.8 Valorouse a importancia do merchandising nos establecementos de cosmética natural

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0642_22) RA2 - Prepara cosméticos utilizando materias primas naturais no laboratorio
(MP0642_12) RA2 - Identifica os produtos de aromaterapia, para o que analiza as súas propiedades cosméticas
(MP0642_12) RA3 - Prepara perfumes no laboratorio

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0642_22) CA2.1 Analizáronse as fórmulas de cosméticos naturais e identificáronse os seus compoñentes
(MP0642_22) CA2.2 Seguíronse os protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos, necesarios para a fabricación e o envasamento de cosméticos naturais, en condicións de saúde
(MP0642_12) CA2.2 Identificáronse os aceites esenciais
(MP0642_22) CA2.3 Aplicáronse as medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio necesarias para a fabricación e a manipulación de cosméticos naturais, en condicións de saúde
(MP0642_22) CA2.4 Describiuse o procedemento para elaborar cosméticos naturais
(MP0642_22) CA2.5 Elaboráronse fórmulas sinxelas de cosméticos naturais
(MP0642_22) CA2.6 Definíronse os tipos de creacións artísticas perfumadas
(MP0642_22) CA2.7 Elaboráronse creacións artísticas como sales, pindas e outros
(MP0642_22) CA2.8 Elimináronse selectivamente os residuos dos produtos de refugo xerados
(MP0642_22) CA2.9 Compiláronse e analizáronse fórmulas cosméticas populares
(MP0642_12) CA3.1 Analizouse a fórmula cosmética de perfumes e identificáronse os seus compoñentes
(MP0642_12) CA3.2 Seguíronse os protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos, necesarios para a fabricación e o envasamento de perfumes en condicións de saúde
(MP0642_12) CA3.3 Aplicáronse as medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio necesarias para a fabricación e a manipulación de perfumes, en condicións de saúde
(MP0642_12) CA3.4 Describiuse o procedemento para elaborar un perfume
(MP0642_12) CA3.5 Preparáronse perfumes a partir de fórmulas sinxelas con diferentes materias primas
(MP0642_12) CA3.6 Elimináronse selectivamente os residuos dos produtos de refugo xerados

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Serán a totalidade de resultados de aprendizaxe (RA) e de contidos (BC) indicados no currículo do ciclo De estética e beleza para o módulo de perfumería e cosmética natural.

Recoñecemento dos cosméticos naturais

Cosmética natural: concepto e características. Historia

Fitocosmética. Extractos vexetais: Concepto, Métodos de extracción, Clasificación, Efectos e usos.

Contraindicacións e efectos adversos da cosmética natural vexetal.

Almacenamento e conservación de produtos naturais vexetais.

Recoñecemento dos cosméticos naturais mariños e geocosmética e cosmética complementaria.

Cosmética mariña: concepto.

Algas e derivados: efectos y usos

Sales mariñas

Animais mariños, plancto e derivados. ,caviar y otros productos embrionarios;Perlas, conchas, corales, otros: efectos y usos

Contraindicacións e efectos adversos da cosmética natural mariña.

Almacenamento e conservación de produtos naturais mariños.

Xeocosmética

Arxilas, e minerais utilizados en cosmética: efectos e usos.

Contraindicacións e efectos adversos da cosmética natural mineral.

Almacenamento e conservación de produtos naturais minerais.

Nutricosmético e cosmeceúticos; novas conceptos como complementos da estética.

Elaboración de cosméticos naturais no laboratorio

-Creacións artísticas perfumadas: sales, pindas, saquiños, estruturas florais, talcos, candeas, etc.

-Elaboración de cosméticos naturais: cremas, xabóns artesanais, etc.

- Protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos, necesarios para a fabricación e o envasamento de cosméticos naturais sinxelos en condicións de saúde.
- Aplicación das medidas hixiénico-sanitarias do profesional no laboratorio necesarias para realizar os procesos de preparación de cosméticos naturais sinxelos, en condicións de saúde.
- Xestión de residuos.

Establecementos de perfumaría e cosmética natural : Tipos de establecemento de venda de cosmética natural e perfumes (perfumarías, herboristarias, Establecementos de venda de esencias e creacións artísticas, e centros de beleza.

- Importancia da decoración, o perfume ambiental e o merchandising nos centros de beleza e nas empresas de venda de perfumes e cosmética natural.

Identificación dos produtos de aromaterapia e aromacosmética

- Concepto de aromaterapia. . Historia de la aromaterapia
- Aceites esenciais : Concepto, Métodos de obtención de aceites esenciais, Características físicas de los aceites esenciais, composición química de los aceites esenciais
- Moléculas aromáticas e a súa relación co sistema nervioso. Clasificación de los aceites esenciais según su olor. Clasificación de los aromas
- Efectos e xeitos de aplicación dos aceites esenciais: Efectos de los aceites esenciais, Actividade dos aceites esenciais, Xeitos de aplicación dos aceites esenciais.

Identificación dos produtos de aromaterapia e aromacosmética

- Concepto de aromaterapia. . Historia de la aromaterapia
- Aceites esenciais: Concepto, Métodos de obtención de aceites esenciais, Características físicas de los aceites esenciais, Composición química de los aceites esenciais, formas de aplicación, Precaucións e contraindicacións, conservación e duración, limitacións na súa aplicación..
- Aromacosmética: concepto e aplicacións: Calidades dos aceites esenciais de uso cosmético, Aceites portadores, Cosmética personalizada mediante o emprego de aceites esenciais.

Perfumeria : Caracterización dos produtos de perfumaría, historia da perfumaría e o perfume, definición de perfume, composición e estrutura cosmética do perfume (Notas), obtención de materias primas.

- Clasificación das fragancias.
- Tipos de perfumes: solucións alcohólicas perfumadas.
- O envase en perfumaría e a súa importancia no márketing.
- Conservación do perfume.
- Elección do perfume: pautas para a compra e educación do sentido olfactivo.
- Relación entre a moda, os medios audiovisuais e o perfume.

-Relación entre o profesional de imaxe persoal e o perfume.

-Aplicación do perfume e precaucións para ter en conta.

Elaboración de perfumes no laboratorio

-Elaboración de perfumes: material necesario, fórmula cosmética e modus operandi.

-Protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos, necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos en condicións de saúde.

-Aplicación das medidas hixiénico-sanitarias do profesional no laboratorio, necesarias para realizar os procesos de preparación de mesturas de compostos e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde.

-Xestión de residuos.

1ª Parte da proba: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Cualificarase esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As respostas non contestadas calificaranse de forma negativa. En preguntas tipo test, dúas preguntas mal contestada anularán una resposta ben contestada. En preguntas, as non contestadas ou contestadas de forma errónea, calificaranse de forma negativa. O seu valor negativo será un 50% do valor da pregunta.

2ª Parte da proba. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Os supostos prácticos non realizados calificaranse de forma negativa. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Proba obxectiva escrita que constará de varias partes onde o alumno mostrará seus coñecementos conceptuais e demostrará si ha alcanzado os resultados de aprendizaxe do currículo. Será necesario superar esta proba, con unha nota de 5 ó superior a 5, para poder realizar a proba práctica. No cálculo da nota final, a proba teoría representará o 50 %.

A proba teoría poderá ter a estrutura seguinte:

-Preguntas cortas

-Preguntas tipo test. As repostas incorrectas contarán negativo.

-Preguntas de verdadeiro ou falso

-Análise das formulacións cosméticas. identificándoas e analizando os seus de seus compoñentes.

-Preguntas para desenrolar

#Para a realización da proba utilizarase bolígrafo azul ou negro.

Non se permitirá o uso de móbiles nin de ningún outro dispositivo electrónico.

Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que durante a proba permanecerá sobre a mesa a disposición do profesorado.

A duración da proba teórica será de 2 h.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

Non se permite o abandono da aula ata transcorridos 30 minutos do inicio do exame. Ao remate do exame entregarase o cuestionario e calquera outro papel utilizado.

Calquera irregularidade durante a realización da proba pode implicar a expulsión da mesma.

4.b) Segunda parte da proba

Constará de unha proba práctica onde o alumno mostrará o seu coñecemento das formulacións cosméticas, estruturas químicas, manexo dos materiais de laboratorio, capacidade na elaboración dun cosmético natural sinxelo o perfume, e coñecemento do proceso de venda. Esta proba se superará con una nota de 5 ó superior a 5. Na nota final, o peso desta proba, será o 50%.

Estructura da proba. Podrá constar dos seguintes apartados :

- Identificación de material de laboratorio
- Realización de medidas de diferentes parámetros
- Elaboración dun cosmético seguindo os protocolos axeitados de manipulación y elaboración
- Identificación dos cosméticos e de seus envases e embalaxes.
- Realización de un proceso de venda.

A duración da proba será de 2 horas.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar sobre a mesa a disposición do profesorado.

Non se permitirá o uso de móbiles nin de ningún outro dispositivo electrónico.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

Non se permite o abandono da aula ata transcorridos 30 minutos do inicio do exame. Ao remate do exame entregarase o cuestionario e calquera outro papel utilizado.

Calquera irregularidade durante a realización da proba pode implicar a expulsión da mesma.

--